

VENRES 3 ABRIL
20:30 H
A VELA CIRCO
(GALICIA)

“O ÚLTIMO QUE APAGUE A LUZ”
SINOPSE

DESDE O HUMOR E O CIRCO, ESTE ESPECTÁCULO TOMA COMO PUNTO DE PARTIDA O UNIVERSO CREADO POR DOUS PALLASOS QUE DECIDEN CASAR. QUE PODE PASAR?

ESTA TOLA CERIMONIA FARANOS REFLEXIONAR SOBRE O PORQUÉ DE CERTAS TRADICIÓN.

ESTRAGARÁN A TORTA E COMERÁN O RAMO?

NESTE RITUAL, COMO EN TODA GRAN VODA, MESTÚRANSE O CLOWN, EQUILIBRIOS SOBRE TORTA, MANIPULACIÓN DE OBJECTOS ENTRE VEOS E O LANZAMENTO OLÍMPICO DE RAMO.

A TRAVÉS DO MOVEMENTO E DO CIRCO APARECERÁN AS HISTORIAS MÁIS DESTERNILLANTES QUE POIDAS IMAXINAR. TODOS ESTES ELEMENTOS CONXÚGANSE NA PROCURA DO CIRCO DO ABSURDO, O RITMO E A POÉTICA DO CAOS DO NOSO TEMPO.

SÁBADO 4 ABRIL
20:30 H
MOSTRA FIN DE CURSO
DE CLOWN
HILARY CHAPLAIN
ENTREGA PREMIO
ENTRADA DE BALDE



2026

O CLOWNCURSO

O CARBALLIÑO

SEMANA SANTA

entradas : 3,00€
bono 4 días : 10,00€

WWW.ESCOLAGALEGADECLOWNS.COM/OCLOWNCURSO2026

ORGANIZA



ESCOLA
GALEGA DE
CLOWNS

COLABORAN



Concello do Carballiño


DEPUTACIÓN
OURENSE



MARTES 31 MARZO
20:30 H
SALVATORE E COPETÍN
(ESPAÑA-ARXENTINA)

"IL FORNO FANTASTIK"
SINOPSE

SALVATORE, O INCRIBLE COCIÑEIRO INTERNACIONAL, CHEGA DIRECTO DE ITALIA PARA EXPLICARNOS (NA SÚA LINGUA NATAL) A RECEITA DA VERDADEIRA PIZZA NAPOLITANA, E FARAO DA MAN DE COPETÍN, O SEU ENÉRXICO AXUDANTE, ACÉRRIMO FAN E FIEL INTÉRPRETE, QUE COA SÚA TRADUCCIÓN "NOS AXUDARÁ" A ENTENDER ESTE PRATO ÚNICO... APRENDEREMOS PASO A PASO ESTA RECEITA SINGULAR, VIVINDO MIL SITUACIÓNS DISPARATADAS. CADA INGREDIENTE DESTA PIZZA VÉN ACOMPAÑADO DUNHA SITUACIÓN DESTERNILLANTE. SALVATORE E COPETÍN CONVÍDANTE A MERGULLARTE NA VERDADEIRA COCIÑA ITALIANA, PERO DESDE A MIRADA INXENUA E BRINCADEIRA DUN PAR DE PALLASOS. QUE PODE SAÍR MAL?



MÉRCORES 1 ABRIL
20:30 H
FREDI MUIÑO
(GALICIA)

"CIRCANELO"
SINOPSE

CIRCANELO É TEATRO XESTUAL, DANZA E ACROBACIA; ESPONTANEIDADE, SORPRESA E DIVERSIÓN; ENTUSIASMO, TENRURA E INXENIO. NUNHA SOCIEDADE NA QUE SÓ SE VALORAN OS LOGROS E OS ÉXITOS, O PALLASO PON EN VALOR O FRACASO, O TRIUNFO DENDE O ERRO, A RESILIENCIA. VIVE NO PRESENTE, NO AQUÍ E NO AGORA, NA BÚSQUEDA DO QUE VERDADEIRAMENTE É EN CADA MOMENTO. O PÚBLICO O ACOMPAÑARÁ NESTA VIAXE POR UN MUNDO DE EMOCIÓNS, XOGO E IMPROVISACIÓN, ATENTOS ÓS CONFLITOS DESTE CLOWN QUE NON DUBIDA EN EXPOÑERSE, EN MOSTRARSE PARA CHEGAR A GRANDES E NENOS.



XOVES 2 ABRIL
20:30 H
LAURA PUERTAS
(PAMPLONA-IRUÑA)

"SUPERELA"
SINOPSE

PUPILA REVIVE LEMBRANZAS DA SÚA INFANCIA MENTRES XOGA AO AGOCHO COAS SÚAS AMIGAS ELISA, LORENA E ANE, QUE PARECEN ESTAR PERDIDAS OU AGOCHADAS, TANTO FÍSICA COMO METAFORICAMENTE. A MEDIDA QUE BUSCA AS SÚAS AMIGAS, PUPILA INTERACTÚA CO PÚBLICO E REFLEXIONA SOBRE A NATUREZA DA AMIZADE E O PASO DO TEMPO. A OBRA EXPLORA COMO OS XOGOS INFANTÍS SE TRANSFORMAN NUN MEDIO PARA AFRONTAR E COMPRENDER A VIDA ADULTA. A TRAVÉS DA FIGURA DE SUPERELA, UN PERSONAXE DUN PROGRAMA INFANTIL QUE A PROTAGONISTA ADOITABA VER, FORMÚLASE UNHA REFLEXIÓN SOBRE O PODER E A IDENTIDADE PERSOAL. PUPILA INTENTA ADOPTAR OS PODERES DE SUPERELA, PERO FINALMENTE DECÁTASE DE QUE O REALMENTE IMPORTANTE É "SUPER-SER-EU", CELEBRÁNDOSE A SI MESMA TAL E COMO É. O TON DA OBRA É LIXEIRO E HUMORÍSTICO, MAIS TAMÉN CONTA CUN FONDO MELANCÓLICO, XA QUE ABORDA TEMAS COMO A SOIDADE, O CAMBIO E A PROCURA DUN MESMO NO MEDIO DAS LEMBRANZAS DO PASADO. A INTERACCIÓN CONSTANTE CO PÚBLICO E A RECREACIÓN DOS XOGOS INFANTÍS CREAN UNHA ATMOSFERA DE PROXIMIDADE E COMPLICIDADE, MENTRES O PERSONAXE PRINCIPAL ATRAVESA UNHA VIAXE EMOCIONAL DE AUTODESCUBRIMENTO.

